



FUNDACIÓN INADE
INSTITUTO ATLÁNTICO DEL SEGURO



PROTOCOLO DE COLABORACIÓN ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E A FUNDACIÓN INADE (INSTITUTO ATLÁNTICO DEL SEGURO)

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2020

COMPARECEN

Dunha parte, D. Antonio López Díaz, Reitor da Universidade de Santiago de Compostela segundo nomeamento efectuado polo Decreto 57/2018, do 31 de maio (DOG do 5 de xuño), actuando en nome e representación da mesma en virtude dos poderes outorgados polo artigo 20 da Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro de Universidades, e do artigo 82 do Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela, con CIF Q1518001A e sede social no Colexio de San Xerome, Praza do Obradoiro s/n, CP 15782 de Santiago de Compostela

Doutra, D. José Ramón Santamaría Barreiro, presidente do Padroado de Fundación INADE Instituto Atlántico del Seguro (en adiante Fundación INADE), actuando no seu nome e representación en virtude dos poderes outorgados polo artigo 18 dos seus estatutos, aprobados na escritura do 20 de febreiro de 2014, ante o Notario D. Xose María Rueda Perez co número 273 do seu protocolo, con CIF G27723121, e domicilio social en Rúa Paz, 2, CP 36202 de Vigo (Pontevedra).

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- Que a USC é unha entidade de dereito público que desenvolve actividades de formación, investigación e desenvolvemento científico e tecnolóxico, interesada en colaborar cos sectores socioeconómicos para asegurar un dos fins da formación e a investigación, que é a innovación e a modernización do sistema produtivo.

SEGUNDO.- Que, segundo o artigo 4 dos Estatutos da USC, para o mellor desenvolvemento das súas funcións, a Universidade de Santiago de Compostela propiciará o establecemento de relacións con outras Universidades, organizacións e institucións, moi en particular coas de carácter académico, científico e cultural.

TERCEIRO.- Que FUNDACION INADE é unha institución de natureza fundacional, constituída sen ánimo de lucro, cuxo patrimonio está afectado de modo duradeiro á realización dos fins de interese xeral propios da institución. Figura inscrita no Rexistro Único de Fundacións da Xunta de Galicia co número 2009/9. O seu fin principal é o fomento da economía social e de desenvolvemento da economía produtiva, todo iso a través do coñecemento nas materias de xerencia de riscos e o seguro. Ademais entre os seus obxectivos está a realización de actividades para mellorar a xestión empresarial o desenvolver a sociedade da información.

CUARTO.- Que tanto a Fundación INADE como a USC están de acordo en reactivar as relacións de colaboración establecidas no convenio asinado o 2 de xuño de 2014, para o que

CONVEÑEN

Estreitar as súas relacións, xuntar esforzos e establecer normas amplas de actuación que canalicen e incrementen, dentro dun marco preestablecido, os contactos e colaboracións de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- FINALIDADE DO PROTOCOLO

O obxecto deste Protocolo é o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre a USC e a Fundación INADE en actividades culturais, científicas, pedagóxicas, de investigación e outras que sexan de interese para as dúas partes.

SEGUNDA.- MODALIDADES DE COLABORACIÓN

- Execución de proxectos e programas de investigación e desenvolvemento, a realizar entre os Institutos e/ou Centros da USC e da Fundación INADE.
- Cooperación en programas de formación de persoal investigador e técnico.
- Asesoramento mutuo en cuestións relacionadas coa actividade das dúas entidades.
- Organización e execución de actividades comúns relacionadas coa promoción social da investigación, a docencia e o desenvolvemento tecnolóxico.
- Intercambio de persoal por tempo limitado, cando a natureza do traballo así o requira, en cumprimento dunha misión laboral ou profesional.
- Cantas outras sexan consideradas de interese mutuo, dentro das dispoñibilidades das partes e das actividades que constitúen o obxecto do presente Protocolo.

TERCEIRA.- NORMAS DE COLABORACIÓN

As colaboracións derivadas deste Protocolo quedarán sometidas ás normas aquí indicadas, á lexislación vixente, á normativa interna de cada institución e a aquelas



que se acorden para cada un dos Convenios Específicos, tendo en conta a natureza da colaboración e o centro onde se realice o traballo.

Non se poderá realizar ningún proxecto ou programa de actuación sen estar, previamente, definido e regulado nun Convenio Específico.

Os convenios específicos que se realicen, vinculados a este PROTOCOLO, deberán ser aprobados polos órganos de goberno das dúas institucións e asinados polos seus representantes legais.

CUARTA.- CONTIDO DOS CONVENIOS ESPECÍFICOS

Cada proxecto e/ou programa de actuación no marco deste Protocolo será obxecto dun Convenio Específico que deberá conter, entroutros, os seguintes aspectos:

- Definición do obxectivo que se persegue.
- Descrición do plan de traballo, que incluíra as súas distintas fases e a cronoloxía do seu desenvolvemento.
- Presuposto total e medios materiais e humanos que requira o citado programa, especificando as contribucións de cada entidade.
- Normas para a coordinación, execución e seguimento do proxecto.
- Normas sobre confidencialidade, propiedade industrial, publicación e explotación de resultados obtidos no desenvolvemento do proxecto, no suposto de programas de investigación.
- Nomes das persoas, unha por cada parte, que se designarán por mutuo acordo e se responsabilizarán da marcha do Convenio.

QUINTA.- ESTABLECEMENTO DA COMISIÓN MIXTA

Para facilitar a elaboración dos Convenios Específicos, o seu seguimento e cumprimento, constituirase unha Comisión Mixta integrada por:

- O/A Vicerreitor/a de Investigación e Innovación, ou persoa en quen delegue, e o profesor Luís Otero González, en representación da USC.
- D. José Ramón Santamaría Barreiro ou persoa en quen delegue e D. Adolfo Campos Carballo, en representación da Fundación INADE.

 A Comisión Mixta ditará as súas normas internas de funcionamento, debéndose reunir cando o solicite algunha das partes.

SEXTA.- FUNCIONAMENTO DA COMISIÓN MIXTA

 Á Comisión Mixta correspóndenlle, entroutras, as seguintes funcións:

- Propor posibilidades de colaboración en temas de interese común.
- Preparar os Convenios Específicos de execución do presente Protocolo sobre as materias seleccionadas, dentro das modalidades de colaboración establecidas na cláusula segunda.
- Elevar as propostas que elabore aos órganos competentes das dúas partes.

- Realizar o seguimento dos Convenios Específicos que se subscriban, así como clarear e decidir cantas dúbidas poidan xurdir na súa interpretación e execución.

SÉTIMA.- PERSOAL

No marco deste Protocolo, tanto a USC coma A Fundación INADE poderán autorizar ó seu persoal a realizar estancias na outra entidade, sen que isto supoña ningunha alteración na relación xurídica do persoal con cada unha das partes, asumindo tanto a súa remuneración como as obrigas civís e sociais a entidade de orixe. Este persoal estará obrigado, neste caso, a cumprir as normas que rexen no centro de destino. As citadas estancias constitúen unha misión laboral ou profesional. O persoal docente e investigador da USC deberá cumprir coa normativa establecida respecto das licencias para docencia e/ou investigación.

OITAVA.- EQUIPAMENTO

Os bens aportados por unha parte nun proxecto común serán sempre da súa propiedade. A propiedade de bens inmobles ou equipos adquiridos ou construídos no marco dun proxecto común determinarase, en cada caso, no Convenio Específico correspondente.

NOVENA.- FINANCIAMENTO

A subscrición do presente Protocolo non comporta obrigas económicas para ningunha das partes. Para a realización das diferentes actividades estipularase a contribución económica coa que, dentro das súas disponibilidades, cada Institución poida contribuír. Así mesmo, xestionarán conxuntamente a captación de recursos doutras entidades.

DÉCIMA.- CONFIDENCIALIDADE E PUBLICACIÓN DE RESULTADOS

Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún concepto, a informacións científicas ou técnicas (información) pertencentes á outra parte ás que poida ter acceso no desenvolvemento do presente Protocolo e na definición e preparación dos proxectos asociados aos Convenios Específicos a subscribir, sempre que esas informacións non sexan de dominio público.

Neste senso, a parte receptora da citada información manteraa en confidencialidade e estrito segredo, e evitará revelala a calquera, fóra daqueles empregados autorizados e soamente naqueles temas necesarios para o obxecto deste Protocolo. En calquera caso, cada parte deberá, previamente, conseguir dos citados empregados un compromiso co fin de manter o segredo e exercer todos os esforzos razoables para reforzar ese compromiso.



DÉCIMO PRIMEIRA.-PUBLICIDADE

A información contida no presente Protocolo poderá ser obxecto de publicidade nos termos establecidos no artigo 8.1.b) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información Pública e Bo Goberno (BOE 10/12/2013).

DÉCIMO SEGUNDA.-IMAXE CORPORATIVA

As partes poderán facer constar a presente colaboración sen que isto supoña autorización de uso da imaxe corporativa para un fin diferente ao das actividades reguladas no Protocolo sendo, en todo caso, necesaria a autorización expresa da USC para facer uso do seu logotipo por calquera medio de difusión.

DÉCIMO TERCEIRA.- AUTORIZACIÓN DOS ASINANTES

As persoas que asinan o presente Protocolo manifestan o seu consentimento e autorización para incorporar os seus datos persoais e o resto das especificacións contidas no mesmo.

DÉCIMO CUARTA.- PROPIEDAD INTELECTUAL E INDUSTRIAL

Toda a información revelada aos efectos do presente Protocolo será propiedade exclusiva da parte que a xerou. Ningunha licencia ou similar se poderá considerar derivada do intercambio de información dunha parte cara á outra. Igualmente, ningunha parte utilizará a información da outra no seu propio beneficio.

O réxime de propiedade e xestión dos resultados derivados dos proxectos desenvolvidos no marco das actuacións asociadas a este Protocolo ou outros acordos específicos, será establecido en cada caso e dentro do convenio previo ao que se refire a Cláusula Cuarta.

DÉCIMO QUINTA.-ENTRADA EN VIGOR E DURACIÓN

O presente Protocolo entrará en vigor no momento da súa sinatura e a súa vixencia será de catro anos. Renovarase automaticamente por períodos sucesivos de catro anos, a non ser que calquera das partes manifeste a súa intención de non renovar cun preaviso de 3 meses á data de finalización do Protocolo ou de calquera das súas prórrogas.

DÉCIMO SEXTA.- MODIFICACIÓN E RESCISIÓN

As partes poderán modificar ou denunciar o presente Protocolo en calquera momento por mutuo acordo. Calquera delas poderá denunciálo, á súa vez, comunicándoo por escrito á outra parte con 3 meses de antelación á data na que o vaia dar por rematado. Nos dous casos deberanse rematar as tarefas dos Convenios Específicos que estean vixentes.

DÉCIMO SÉTIMA.- XURISDICIÓN

A Fundación INADE e a USC comprométense a resolver de xeito amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente Protocolo.



No seu caso, as partes someterán as diverxencias que se puideran presentar en orde á interpretación ou cumprimento do presente Protocolo aos Xulgados da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo, dado o carácter público da USC.

A subscrición do presente Protocolo anula e deixa sen efecto calquera convenio anterior asinado entre as partes para o mesmo fin.

E, en proba de conformidade con canto antecede, asinan no lugar e data indicados.

**Pola Universidade de
Santiago de Compostela**

O Reitor



D. Antonio López Díaz

Pola Fundación INADE

O Presidente do Padroado

D. José Ramón Santamaría Barreiro